



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 369/2020

**OBXECTO: DERROGACIÓN ORDENANZA OVP MESAS E CADEIRAS
INFORME DE INTERVENCIÓN**

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e no exercicio das funcións de control financeiro permanente previstas no artigo 4 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte:

INFORME

ANTECEDENTES

Fundamentalmente, obra no expediente a seguinte documentación:

- Ordenanza fiscal da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, sillas, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, publicada no BOP de 15 de marzo de 1.999.
- Modificación da Ordenanza fiscal da taxa de ocupación de terreos de uso público por mesas, sillas e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, publicada no BOP de data 17 de decembro de 2.004.
- Providencia de Alcaldía da data da sinatura dixital pola que se ordea o inicio do expediente e se solicita a emisión de informe pola Secretaría e Intervención Municipais.
- Informe de Secretaría da data da sinatura dixital.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Fundamentalmente, resulta de aplicación a seguinte normativa:

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local.
- Orzamento do Concello de Chantada de 2019, prorrogado para 2020.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 3DJSFGLTG95JZ9LP.LAL.CE.AHDR | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE CHANTADA

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As Entidades Locais disporán de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins, recursos entre os que se atopan os tributos propios. A estes efectos as Entidades Locais poderán establecer e esixir tributos propios mediante as súas ordenanzas fiscais e do mesmo xeito poderán acordar a súa derogación.

Segundo.- Dacordo co artigo 129.7 da LPACAP, cando a iniciativa normativa afecte aos gastos e ingresos públicos presentes ou futuros, deberáse contificar e valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A recadación obtida coa taxa imposta pola ordenanza fiscal que se pretende derogar ao longo dos últimos tres exercicios elevouse á seguinte contía:

Exercicio	Importe recadado	Porcentaxe respecto dos ingresos correntes
2017	2.811,21	5.489.801,65
2018	2.536,86	5.504.849,96
2019	2.346,74	5.940.727,67
MEDIA	2.564,94	5.645.126,43

A perda da recadación implicará a dunha fonte de financiación prevista no orzamento, pois suporá un decremento medio de recadación de 2.564,94 euros, el 0,045 %, respecto dos recursos ordinarios.

Non obstante, o orzamento do Concello no exercicio 2020 (prorrogado de 2019) ten unha situación de superávit por importe de 307.099,36 euros, polo que se estima que a perda de recadación non suporá un desequilibrio orzamentario. Asimesmo, a liquidación do orzamento de 2019 reflexa o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e volumen de endebedamento, polo que non se aprecia que a derogación desta ordenanza fiscal afecte ao cumprimento destes obxectivos, sen prexuízo de que se deba levar un estricto seguemento da execución do orzamento aos efectos de garantir o cumprimento das regras fiscais a fin de exercicio 2020.

Chantada, na data sinalada dixitalmente á marxe

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 3DJSFGLTG95JZ9LP.LAL.CE.AHDR | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2